

PAUTAS ESTIMULACIÓN LINGUAXE ORAL

A linguaxe é o instrumento de comunicación máis importante, por iso é preciso estimulalo en todas as súas dimensións: **uso** (funcións que cumpre a linguaxe: expresar sentimentos, facer peticións, etc), **contido** (o nivel de vocabulario que coñecemos, usamos e comprendemos) **forma** (organización das palabras nas oracións e a correcta pronunciación de todos os sons da nosa lingua). Ademais destas dimensións tamén hai que ter en conta as dúas vertentes nas que se organiza: a **receptiva** (o que entendemos) e a **expresiva** (o que transmitimos).

Por todo isto, é moi importante estimular a linguaxe en todos os contextos, sobre todo no eido familiar, xa que é no que soen pasar a maior parte de tempo os nenos. Así algunhas pautas que favorecen este son:

- Falar de forma lenta (dándolle tempo a procesar a información que se lle está a transmitir)
- Poñerse a súa altura, mirándoo aos ollos para captar a súa atención.
- Facilitarlle un modelo correcto de linguaxe, non imitar a súa forma de falar infantilizada.
- escoitar atentamente o que nos está a contar, interesándonos no que nos di e favorecendo a conversación.

- Expresarlle non so demandas ou ordes senón tamén emocións, sentimentos, experiencias...
- Fomentar a autonomía persoal, evitando a sobreprotección, deixando que se equivoque e aprenda dos seus erros.
- Adaptar a lonxitude dos enunciados ao nivel do neno, non dando consignas demasiado longas.
- Non darlle ordes contraditorias que confundan ao neno.
- Darlle tempo suficiente para que responda as preguntas, cada un ten o seu ritmo.
- Non contestar por el cando lle preguntan algo.
- Non rirse nunca dos erros que comete.
- Si lle custa estruturar correctamente as oracións modelar correctamente o que quixo dicir e aportar nova información.
- Formular preguntas abertas que fomenten a comunicación, evitando as cerradas que se contestan so cun si ou cun no.
- Ensinar o nome correcto das cousas non recorrer a nomes infantís: can en vez de guau-guau.

Hai moitos xogos que poden favorecer a linguaxe oral:

- Xogar o vexo-vexo.
- Lerlle contos e facer preguntas sobre eles.

- Xogar con el.
- Facer dramatizacións.
- Describir obxectos segundo a súa cor, forma, utilidade,...
- Facer oracións con algunha palabra.
- Inventar historias.
- Que conte historias con diferentes estados e ánimo: triste, contento, con medo, etc...
- Describir láminas.
- Inventar as regras dun xogo.
- Dicirlle absurdos verbais e que nos corrixa. Ex: os cans voan.
- Preguntarlle en que e parece diferentes obxectos con algunha relación entre si (pantalón, saia) e en que se diferencian.
- Que nos nomeen diferentes elementos dunha categoría como: animais, obxectos da casa, transportes, etc...
- Facer xogos de terminar frases.
- Vídeos de Eugenia Romero en Youtube
- Todos aqueles que se os ocorran e que fomenten o uso da linguaxe oral.

(Fontes de información: Meraki logopedia, Eugenia Romero, Familia y cole)